



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA INFORME TÉCNICO SOBRE OFERTA INCURSA EN PRESUNCIÓN DE ANORMALIDADE, E VALORACIÓN DOS CRITERIOS CONTIDOS NO SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO «C»: PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE REGRAS OU FÓRMULAS MATEMÁTICAS.

En Chandrexa de Queixa, a 17 de xuño de 2019.

Nas dependencias da Casa do Concello de Chandrexa de Queixa, ás dez horas reúnese a Mesa de Contratación, composta na forma seguinte:

Presidenta: Camila Diéguez Arias, Concelleira do Concello de Chandrexa de Queixa da área de sanidade, muller e servizos sociais.

Vogais:

- Javier Martínez de Anta, Xefe do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación Provincial de Ourense. (Presencia telemática a través da Plataforma de Contratos do Sector Público).
- José Juan Cerdeira Lois. Director da Área de Benestar da Deputación Provincial de Ourense. (Presencia telemática a través da Plataforma de Contratos do Sector Público).
- Jacobo Manuel Rayón Cedeira. Secretario-Interventor do Concello de Chandrexa de Queixa.

Secretaria: M^a. Isabel Vasallo Gil, Auxiliar Administrativa do Concello de Chandrexa de Queixa.

O obxecto desta sesión da Mesa de Contratación é por unha banda, dar conta do informe técnico solicitado en relación coa oferta presentada polo licitador COVIASSTEC, S.L. contida no sobre ou arquivo electrónico «C», que na sesión celebrada pola Mesa de Contratación o día 11 de abril de 2019 determinou que, de conformidade coa cláusula décimo terceira dos pregos de cláusulas administrativas particulares parágrafo 2º e o artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por R. D. 1098/2000, do 12 de outubro, atopábase en situación de presunción de anormalidade, e por outra banda, a valoración dos criterios contidos no sobre ou arquivo electrónico «C»: proposición económica e documentación do cumprimento dos criterios avaliados mediante regras ou fórmulas matemáticas.

Iniciase a sesión explicando que na sesión da Mesa de Contratación celebrada o pasado 11 de abril de 2019, tras a apertura do sobre ou arquivo electrónico «C»: proposición económica e documentación do cumprimento dos criterios avaliados mediante regras ou fórmulas matemáticas, e á vista de que a proposición económica presentada polo licitador COVIASSTEC, S.L. atopábase incursa en presunción de anormalidade, acordouse conceder ao devandito licitador un prazo de 5 días hábiles para que presentase unha xustificación adecuada das circunstancias que permitisen executar a devandita oferta nesas condicións, conforme os criterios establecidos no artigo 149.4 da LCSP.

Requirido o licitador o 12 de abril de 2019 para a presentación da documentación xustificativa, esta foi presentada o 23 de abril de 2019 a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

A continuación, considerando que o Concello de Chandrexa de Queixa carece de medios persoais, de conformidade co artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se



traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), solicitouse ao Colexio de Economistas de Ourense a designación dun perito economista aos efectos de prestar asesoramento técnico á Mesa de Contratación, en relación coa oferta económica incurrida en presunción de anormalidade na licitación do contrato de concesión de servizos para a xestión integral da residencia de persoas maiores de Chandrexa de Queixa, designándose para tal fin ao economista - auditor D. Enrique M. González González (Colexiado nº 410 do Ilustre Colexio de Economistas de Pontevedra e membro nº 5819 do Instituto de Censores Xurados de Contas de España).

A este respecto, dáse conta do informe técnico emitido o 22 de maio de 2019 (Rexistro de entrada nº 522 de 28 de maio de 2019) polo economista - auditor D. Enrique M. González González, que se axunta a esta acta, e no que conclúe:

"(..) Esta circunstancia no pone en cuestión a capacidade da Sociedade para desenvolver o proxecto de xestión da residencia de persoas maiores do Concello de Chandrexa de Queixa, e Coviastec, S.L. proporciona argumentos relevantes e coherentes que, a mi juicio, amplían as explicacións sobre a viabilidade da oferta e permiten concluir favorablemente sobre a súa solvencia e a súa capacidade económica e de xestión para cumprir as obrigacións contractuais derivadas da licitación".

En consecuencia, á vista do devandito informe técnico admítase a proposta presentada por COVIASSTEC, S.L., e a continuación a Mesa de Contratación pasa a valorar as proposicións económicas contidas no sobre ou arquivo electrónico «C» conforme a cláusula décimo primeira apartado 1, que dispón:

"Criterios cuantificables automaticamente, se puntuarán en orden decrescente:

- a) **Menores tarifas a pagar por los usuarios:** Se valorará hasta un máximo de 50 puntos.

Se valorará mediante a presentación do cuadro de tarifas. Se efectuará a valoración de forma separada para cada unha das tarifas, IVA excluído, (4 tipos de usuario), otorgando a cada unha delas unha puntuación máxima de 12,50 puntos, resultando a puntuación total (50 puntos) da suma da puntuación parcial obtida en cada unha das tarifas.

Se asignará a maior puntuación á oferta que presente a maior minoración sobre a tarifa máxima fijada (sin IVA), que son as seguintes:

Plazas para Personas con Autonomía 1.100 €/mes

Plazas para Personas Dependientes:

Grado I 1.350 €/mes

Grado II 1.500 €/mes

Grado III 1.650 €/mes

Asignándose al resto de ofertas la puntuación de acuerdo con la siguiente fórmula:

$$\text{Puntuación} = 12,50 \times \frac{(\text{Tipo de licitación} - \text{Oferta económica que se valora})}{\text{Tipo de licitación} - \text{Oferta económica más baja}}$$

Los licitadores que presenten como oferta las tarifas máximas establecidas en el presente pliego, obtendrán cero puntos.



En todo caso, cada una de las tarifas ofertadas por los licitadores (IVA excluido) no podrá superar las tarifas máximas individuales previstas en el presente pliego. De no cumplirse con dicho requisito, serán directamente excluidos del proceso licitatorio.

Asimismo, serán excluidas aquellas propuestas que no realicen oferta para alguna de las tarifas tipo objeto de la licitación, de donde se deduce que es obligatorio que la propuesta incluya una oferta respecto de las tarifas tipo de licitación previstas en el presente pliego.

b) *Mejora en el canon.* Se valorará hasta un máximo de 5 puntos.

Se asignará la puntuación máxima a la oferta que presente la mejor oferta en el canon sobre el canon mínimo establecido (cláusula 6 del presente pliego), asignándose al resto de ofertas la puntuación de acuerdo con la siguiente fórmula:

$$\text{Puntuación} = 5 \times \frac{\text{Oferta económica que se valora} - \text{tipo de licitación}}{\text{Oferta económica más alta} - \text{tipo de licitación}}$$

Los licitadores que presenten como oferta el canon mínimo establecido obtendrán cero puntos”.

Resultando as seguintes puntuacións:

SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE S.A. con CIF nº A-27.843.192.

CRITERIOS	OFERTA	PUNTUACIÓN
a) Menores tarifas a pagar polos usuarios		
Prazas para persoas con autonomía (máx. 1.100 €/mes)	1.078,00 €/mes	0,69 puntos
Prazas para persoas dependentes grado I (máx. 1.350,00 €/mes)	1.323,00 €/mes	0,96 puntos
Prazas para persoas dependentes grado II (máx. 1.500,00 €/mes)	1.470,00 €/mes	0,94 puntos
Prazas para persoas dependentes grado III (máx. 1.650,00 €/mes)	1.617,00 €/mes	0,88 puntos
b) Mellora no canon (canon mínimo 50.000,00 €).	51.000,00 €/año	1,00 punto
	TOTAL	4,47 puntos

COVIASSTEC, S.L. con CIF nº B-32.240.210.

CRITERIOS	OFERTA	PUNTUACIÓN
a) Menores tarifas a pagar polos usuarios		
Prazas para persoas con autonomía (máx. 1.100 €/mes)	700,00 €/mes	12,50 puntos
Prazas para persoas dependentes grado I (máx. 1.350,00 €/mes)	1.000,00 €/mes	12,50 puntos
Prazas para persoas dependentes grado II (máx. 1.500,00 €/mes)	1.100,00 €/mes	12,50 puntos
Prazas para persoas dependentes grado III (máx. 1.650,00 €/mes)	1.181,82 €/mes	12,50 puntos
b) Mellora no canon (canon mínimo 50.000,00 €).	55.000,00 €/año	5,00 puntos
	TOTAL	55,00 puntos



TRONCOSO CASARES, S.L. con CIF nº B-32.353.195.

CRITERIOS	OFERTA	PUNTUACIÓN
a) Menores tarifas a pagar polos usuarios		
Prazas para persoas con autonomía (máx. 1.100 €/mes)	1.000,00 €/mes	3,12 puntos
Prazas para persoas dependentes grado I (máx. 1.350,00 €/mes)	1.300,00 €/mes	1,78 puntos
Prazas para persoas dependentes grado II (máx. 1.500,00 €/mes)	1.450,00 €/mes	1,56 puntos
Prazas para persoas dependentes grado III (máx. 1.650,00 €/mes)	1.600,00 €/mes	1,33 puntos
b) Mellora no canon (canon mínimo 50.000,00 €).	52.000,00 €/año	2,00 puntos
	TOTAL	9,79 puntos

A continuación, procédese á suma das puntuacións obtidas nos sobres ou arquivos electrónicos B e C, obténdose o seguinte resultado:

LICITADOR	SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO B			SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO C			PUNTUACIÓN TOTAL	Nº DE ORDE
	Proxecto de xestión e explotación	Melloras propostas na xestión e explotación	Puntos total Sobre B	Menores tarifas a pagar polos usuarios	Mellora no canon	Puntos total Sobre C		
SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE S.A.	25,00 pts	4,50 pts	29,50 pts	3,47 pts	1,00 pts	4,47 pts	33,97 pts	3º
COVIASSTEC, S.L.	22,00 pts	8,00 pts	30,00 pts	50,00 pts	5,00 pts	55,00 pts	85,00 pts	1º
TRONCOSO CASARES, S.L.	26,25 pts	8,50 pts	34,75 pts	7,79 pts	2,00 pts	9,79 pts	44,54 pts	2º

De todo o actuado, a Mesa de Contratación acorda:

Primeiro.- Elevar ao órgano de contratación a clasificación, por orde decrecente, das proposicións presentadas:

1. COVIASSTEC, S.L. con CIF nº B-32.240.210.
2. TRONCOSO CASARES, S.L. con CIF nº B-32.353.195.
3. SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE S.A. con CIF nº A-27.843.192.

Segundo.- Propor ao órgano de contratación a adxudicación do presente contrato administrativo a favor de COVIASSTEC, S.L. co CIF nº B-32240210, por ser o licitador coa mellor puntuación obtida, de acordo coa oferta presentada e os pregos de cláusulas administrativas e os pregos de prescricións técnicas que rexen a presente contratación.

Non sendo outro o obxecto da reunión, a Presidenta da por rematado o acto, do que como Secretaria certifico, en Chandrexa de Queixa sendo as once horas e cinco minutos do día dezasete de xuño de dous mil dezanove.

A Presidenta

A Secretaria

Os Vogais